

ACTA NÚMERO: 14/2025

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE ABRIL DE 2025.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 10 de abril de 2025 reúnen-se os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona Carmen de Peña Vidal, Técnica do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Apertura electrónica dos sobres A correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocatoria para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no Concello de As Neves e centro cultural, dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Nº expte. 2025004806)*
2. *Apertura electrónica dos sobres B correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aerotermia sostibles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no Concello de As Neves e centro cultural dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Nº expte. 2025004806)*
3. *Apertura electrónica dos sobres A correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra (Nº expte. 2025001191)*
4. *Apertura electrónica os sobres B correspondentes á proposta avaliada mediante fórmulas do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra (Nº expte. 2025001191)*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Jaime David Ruibal de Sola, Xefe da Sección de Proxectos de Infraestruturas e Vías Provinciais e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

- 1. *Apertura electrónica dos sobres A correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocatoria para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de***



aeroterminia sostibbles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no Concello de As Neves e centro cultural, dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Nº expte. 2025004806).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Acordo da Xunta de Goberno nº 21.34950, de data 21/03/2025, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, da subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibbles II: instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no concello de As Neves e centro cultural dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do programa de axudas para inversións en proxectos singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 21/03/2025. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir á seguinte empresa:

- Grundila SL (CIF B-B32323370)

2. Apertura electrónica dos sobres B correspondente aos criterios avaliábles mediante xuízos de valor do procedemento aberto convocado para a contratación da Subministración e execución das obras de mellora da eficiencia enerxética nas instalacións de aeroterminia sostibbles II: Instalacións de aproveitamento da enerxía aerotérmica no Concello de As Neves e centro cultural dentro do proxecto IDAE PR D5000-2021-001599 do Programa de axudas para inversións en proxectos



singulares locais de enerxía limpa en municipios de reto demográfico (Programa DUS 5000) no marco do Programa de rexeneración e reto demográfico do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (Nº expte. 2025004806).

Unha vez descargada a documentación administrativa no punto anterior desta reunión do día 10 de abril de 2025, a Mesa de Contratación acordou admitir á única empresa presentada e que é a seguinte:

- Grundila SL (CIF B-B32323370)

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente aos criterios avaliados mediante xuízos de valor da única empresa presentada: Grundila SL.

Unha vez finalizada a descarga a Mesa de contratación e acorda trasladar dita documentación ao persoal técnico do Servizo de Cooperación cos Municipios, para a súa valoración técnica.

3. Apertura electrónica dos sobres A correspondente a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra (Nº expte. 2025001191).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo da Xunta de Goberno do día 14 de marzo de 2025 aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento aberto, do “Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 17 de marzo de 2025. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

No obstante, mediante Resolución Presidencial nº 2025002011 de data 19 de marzo de 2025, acordouse avocar puntualmente a competencia delegada pola Presidencia a favor da Xunta de Goberno, para actuar como órgano de contratación neste procedemento, aprobar un novo prego de cláusulas de prescricións técnicas, e reiniciar o prazo de presentación de proposicións.

O anuncio de licitación rectificado deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de marzo de 2025. Así mesmo, publicouse na mesma data o novo prego de prescricións técnicas.

O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.



O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)
- Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)
- Servicios SPR Vilanova, SL (CIF: B36597276)

4. *Apertura electrónica os sobres B correspondentes á proposta avaliable mediante fórmulas do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra (Nº expte. 2025001191)*

O Secretario informa que a Mesa de Contratación, na reunión do día 10 de abril de 2025, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, procedeu á apertura do sobre “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de Seguridade e Vixilancia na Bienal de Pontevedra.

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes:

- Alcor Seguridad, S.L. (CIF: B27382175)
- Salzillo Seguridad, S.A. (CIF: A73100638)
- Servicios SPR Vilanova, SL (CIF: B36597276)

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á desenscriptación e descarga da documentación presentada nos sobres “B”, correspondentes aos criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto.

Os valores ofertados polas empresas foron os seguintes:

ALCOR SEGURIDAD, S.L. (CIF: B27382175)

1. Prezo ofertado para a prestación do servizo:

Importe sen o IVE	IVE (21%)	Importe total ofertado	
139.500,00€	29.295,00€	168.795,00€	
		SI	NON
2. A empresa oferta un sistema de control de rondas a tempo real		X	
		SI	NON



3. A empresa ofrece un sistema de control informático de medios do servizo	X	
Dirección da páxina web:		
Denominación da páxina web:		
Denominación da aplicación ou APP para móbil: VIGILANT		

4. Frecuencia de actuacións dunha persoa inspectora do servizo	SI	NON
1 visita semanal a todos os espazos		X
2 visitas semanais a todos os espazos		X
3 visitas semanais a todos os espazos	X	

SALZILLO SEGURIDAD, S.A. (CIF: A73100638)

1. Prezo ofertado para a prestación do servizo:

Importe sen o IVE	IVE (21%)	Importe total ofertado
148.348,35 €	31.153,15 €	179.501,50 €
	SI	NON
2. A empresa oferta un sistema de control de rondas a tempo real	X	
	SI	NON
3. A empresa ofrece un sistema de control informático de medios do servizo	X	
Dirección da páxina web: gisesmuseopo.gvs.nceltia.com		
Denominación da páxina web: gisesmuseopo.gvs.nceltia.com/admin		
Denominación da aplicación ou APP para móbil: gisesmuseopo.gvs.nceltia.com		
4. Frecuencia de actuacións dunha persoa inspectora do servizo	SI	NON
1 visita semanal a todos os espazos		
2 visitas semanais a todos os espazos		
3 visitas semanais a todos os espazos	X	

SERVICIOS SPR VILANOVA, SL (CIF: B36597276)

1. Prezo ofertado para a prestación do servizo:

Importe sen o IVE	IVE (21%)	Importe total ofertado
158.525,97	33.290,45	191.816,42
	SI	NON
2. A empresa oferta un sistema de control de rondas a tempo real	X	
	SI	NON
3. A empresa ofrece un sistema de control informático de medios do servizo	X	
Dirección da páxina web: https://sprvigilancia.odoo.softic.es/web/database/selector		
Denominación da páxina web: Odoo		
Denominación da aplicación ou APP para móbil: Odoo		
4. Frecuencia de actuacións dunha persoa inspectora do servizo	SI	NON



1 visita semanal a todos os espazos		
2 visitas semanais a todos os espazos		
3 visitas semanais a todos os espazos	X	

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

